


Letras, letriñas

Xornal escolar do Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e contornos. Curso 2005-06. Xuño 2006

Avda. Sada e contornos s/n. 15160 Sada. A Coruña. Tlfno e fax. 981 620 337. Correo elect. ceip.sada@edu.xunta.es



MANUEL LUGOÍS FREIRE



A defensa de Galicia, a loita contra o caciquismo e a revitalización da fala, "*Pobo que recobra a súa fala, recobra tamén o seu espírito*", foron constantes na vida e na obra de Manuel Lugoís.

En 1885 funda en Cuba o xornal *A Gaita Gallega*, redactado integramente en lingua galega, que se publicou ata 1889.

Foi un dos corenta fundadores da Real Academia Galega no ano 1906 e en 1916 participa na constitución das Irmandades da Fala da Coruña. Un poema seu, "*Cantiga dos amigos da fala*", que aparece na súa obra *Versos de loita* convértese no himno da Irmandades:

*Na fala galega vive
a ialma da nosa terra:
a redención de Galicia
nos seus acentos latexa.*

*Pobo que o seu verbo esquece
é traidor á natureza;
como irmáns todos falemos
a noble fala gallega.*

Aínda que Lugoís non era un lingüista decidiuse por escribir unha gramática en galego baseándose na publicada en 1868 polo crego ourensán Saco e Arce.

Houbo dúas edicións deste traballo (1922 e 1931).

En 1923 ingresa como socio no Seminario de Estudos Galegos. O seu discurso de ingreso estará dedicado á figura de Pondal.

O 28 de abril de 1934 é nomeado presidente da Real Academia Galega, deixando o cargo en agosto de 1935 por motivos de saúde.

O compromiso de Lugoís con Galicia maniféstase nunha activa militancia política. No ano 1897 foi un dos fundadores da Liga Gallega, que tiña como obxecto a defensa dos intereses morais, materiais, políticos, económicos e sociais de Galicia.

En 1907 funda, xunto con Rodrigo Sanz, o sindicato agrario Solidaridad Gallega de ideoloxía rexionalista, anticaciquil e antcentralista. Lugoís foi o primeiro en utilizar o galego nun mitin. Aconteceu nun acto deste sindicato en Betanzos o 6 de outubro dese ano ante máis de 6.000 persoas.

En 1931 participa no nacemento do Partido Galeguista e en 1932 forma parte da comisión que redacta o anteproxecto do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia xunto con Alexandre Bóveda, entre outros. Tamén participou na redacción definitiva do estatuto en 1936.



Manuel Lugoís Freire é un exemplo de vontade e compromiso con Galicia.

O 2 de xullo de 2005 o plenario da Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas do ano 2006 a Manuel Lugoís: "*A biografía e obra de Manuel Lugoís amosan unha vida de total entrega á dignificación e á normalización da lingua galega, sempre unida á defensa de Galicia, para o que participou na creación de moi diversas entidades políticas e culturais*".

Esta dedicatoria ten máis valor, se cabe, ao coincidir no ano 2006 a celebración do centenario da fundación da Real Academia Galega, da que o propio Lugoís foi cofundador.

Manuel Lugrís Freire foi Presidente honorario da Sociedade "Sada y sus contornos". Esta sociedade foi quen construíu nos anos 20 do pasado século o noso colexio. Con motivo dos primeiros exames nesta escola, o 8 de xullo de 1928, Manuel Lugrís dedicou o seu poemario *As Mariñas de Sada* a Sociedade "Sada y sus contornos".

Dada esta especial vinculación do autor homenaxeado polo Día das Letras Galegas co noso centro este ano organizamos moitos actos para lembrar a vida e obra de Manuel Lugrís Freire. Algunhas das actividades que fixemos foron:

-Reeditamos *As Mariñas de Sada* cunha introducción na que se lembraba a biografía de Lugrís. O libro foi publicado polo concello de Sada.

-Asistimos ao acto de presentación do libro na Casa da Cultura no que estivo presente, entre



outros, o seu neto Manuel Lugrís Rodríguez, que tamén veu visitar o colexio. Alí nenos e nenas do colexio leron poemas do libro.

-Editamos un DVD con fotografías antigas da vila de Sada aportadas polas familias dos alumnos.

-Fixemos unha exposición de carteis conmemorativos do Día das Letras Galegas editados pola Xunta de Galicia.

-Mural na entrada do colexio feito con caricaturas de Lugrís con moitas cores no que participamos tódalas aulas do centro.

-Exposición de libros sobre Manuel Lugrís na biblioteca.

-Ambientación da biblioteca cunha reprodución da placa que hai en Sada dedicada a Lugrís e stores sinalizando a exposición.

-Fixemos un marcador de lecturas sobre o autor.

-Lecturas con Lugrís na biblioteca. Lecturas da súa obra: narrativa, poesía e teatro.

-Veu a TVG a facer unha reportaxe no colexio, e tamén do programa de televisión "Desde Galicia para el mundo".

-Lectura de poemas no patio do colexio que rematamos cantando o himno galego.

-Fixemos un libro con poemas e debuxos dedicado a Manuel Lugrís



MANUEL LUGRÍS FREIRE

Este ano (2006) o Día das Letras Galegas adicóuselle a D. Manuel Lugrís Freire, nado en Sada en 1863.

No C.E.I.P. de Sada e Contornos fixémoslle unha homenaxe representando obras de teatro súas e poesías.

Un día veu a Televisión de Galicia e gravounos mentres representamos unha obra de teatro de Lugrís.

Tamén uns reporteiros de *Desde Galicia para el mundo* estiveron no colexio e fixéronnos algunhas preguntas sobre este feito.

O noso director D. Miguel Gayoso lle adicou un libro no que se recolle parte da súa biografía, titulado *Manuel Lugrís e As Mariñas de Sada*.


A presentación do libro foi na Casa da Cultura estivo o seu neto e tamén o alcalde de Sada que lle adicou unhas palabras o noso máis ilustre precursor entre os defensores da fala galega, en castelán. A nosa escola foi construída nos anos vinte pola sociedade de emigrantes "Sada y sus contornos" da que Lugrís era presidente honorario.


Mario (6º curso)



Sada y sus Contornos





Sociedad de Instrucción y Apoyo
167 Perry Street, New York City.








CUMPLEANOS FELIZ...



 cousiñas da primavera

AS ANDURIÑAS
ANDURIÑAS NO TELLADO
CANTAREIRAS
IVEÑA, FRIO PRA OUTRO LADO!



carmen

OS UCOS

o uco por ser tam preguiceiro
non fai pros fillos ningún
niñeiro

Sara P.



AS GUEIVOTAS

unha, duas, mil gueivotas
de branco os mares pintando
entre as gamelas e as rochas
andam sempre latricando



selene

o PEXE GUEIRO


o pexequeiro
no mes de Abril
por cada pola
cen flores... mil



A PRIMAVERA

Hoxe vin a primavera
Ben a vin
pendurando
dun ramallo
no xardin
ven tola por traballar
e traballar.

Hoxe vin a primavera
nunha silveira medrar.



Sara &

Javi



O MAGOSTO

O día 4 de novembro de 2005 todos os alumnos do colexio e tamén os profesores celebramos o Magosto. Nós, os nenos, so trouxemos as castañas e a Asociación de nais e pais As Mariñas trouxo as bebidas e os premios para o concurso que se fixo no colexio toda a mañá agás as dúas primeiras horas que aproveitamos para traballar e estudar.

O xogo que fixemos no colexio chamábase “As dez probas de Dona Castaña”. Trataba de que os grupos que se fixeron tiñan que superar dez probas. Cada vez que superábamos unha proba poñíannos un selo nun pasaporte que nos deran antes de empezar o concurso.

Vou dicir de que trataron algunhas probas:

- Encestar 10 castañas nun aro.
- Facer chegar a un sitio dez follas soprando.
- Memorizar unha adiviña e dicila ao encargado.

Non explico máis probas porque non teño sitio.

Ao equipo gañador déronlle un premio moi bo pero aos outros grupos so unha caixa de ceras.

Alejandro (5º curso)



HALLOWEEN

¡Hola! Chamámonos Carla e Jessica, hoxe día 31/10/2005 celebrámonos Halloween na escola. Celebrámolo as 12:30h-13:00h. Sobre as 12:30 fomos as nenas ó baño a cambiarnos de roupa e poñernos un disfraz. Eu e Jessica disfrazámonos de meigas e algunhas nenas tamén coma nós. Fomos cantando polas clases esta canción:

HALLOWEEN COLOURS

Black cat.
Orange pumpkin.
White ghost.
Green-eyed monster.
Black,orange,white,green.
These are the colours of Halloween!

Black cats.
Whitches´ hats.
Jack-o´-lanterns
Jack-o´-lanterns
Black,orange,white,green.
These are the colours of Halloween!

Pasámolo moi ben todos.
Tivemos de agasallo moitos caramelos.



OFF THE RECORD

O día 14 de Marzo, o terceiro ciclo de educación primaria de Sada e Contornos desprazouse ata o I.E.S. Crucero Baleares a ver unha obra de teatro en inglés.
A obra trata de Wayne Jones e da súa moza Carly e dunha academia de baile chamada Fame School. Sentámonos e dali a un pouco comezou o teatro.
O día do casting Wayne Jones estaba listo coa canción OFF THE RECORD, que como vedes dalle título a obra,e foi proclamado gañador.
Por último,os actores cantaron a canción OFF THE RECORD e lles fixemos preguntas.
Logo volvemos ó bus e polo camiño falamos da obra.
A min sinceramente gustoume moito.



FESTA DO NADAL

O xoves 22 de decembro foi a festa do Nadal no colexio de Sada e contornos.

Os de 5º e 6º tivemos que axudar aos profesores dos pequenos a levar decorados que había que poñelos no escenario e cos nenos pequenos de 3, 4 e 5 anos ata a Casa da Cultura.

Nós os alumnos de 5º curso estabamos moi nerviosos porque no ensaio saíra fatal. Tocounos case saír de últimos, saímos penúltimos antes que 6º.

Todos so que foron antes gustáronme e os de 6º tamén. Fixérono ben e non sei nós como o fixemos pero a min paréceme que bastante ben.

O que fixemos foi tocar unha panxoliña coa fruta, uns cantaban: "Que lle daremos ao neno pequeno para alegrarlle a cariña ao recén"

E despois rapeábamos facendo piruetas: "Imos levar unha pouca roupiña, tres polos, dous galos e máis unha galiña, un añaño,



dous coellos sen pel, tres rulas ó xeito e un tarro de mel".

"Deitadiño nunhas pallas o neno durmido está. Imos darlle agarimos e cantarlle un alalá". (Bis)

"Aí, meu neno, meu rei, meu meiguiño, non tes un albergue, non tes un leiteño. Sen arrimo, nas pallas estás. Ai, meu queridiño, que frío terás".

"O meniño está nas pallas. Súa naiestá con el, San Xosé está mirando caladiño para El". (Bis)

Despois fomos para o colexio a comer turrón, polvoróns e moitas cousas máis.

Cando rematamos de comer bailamos e fixemos un concurso.

Adrián (5º curso).

O ENTROIDO

Érase unha vez unha fada que vivía no bosque...




A fada do bosque




Mira esos homes, que se achegan cos machados
meñen a cortarnos, queeren derrubarnos
¿ que imos facer ?



Os leñadores...





As árbores



O incendiario

"Ladrillo" o especulador





Os bombeiros



O lume



Sada, 1 de Maio de 2.006.
 O Entroido
 No colexio celebramos o entroido facendo unha comparsa.
 Tocounos facer de malos porque éramos os que talábeamos as árbores. Todo isto o facemos para dicir que hai que coidar a Natureza e ademais o ano 2.006 é o "Ano Internacional dos desertos e a desertización".



CASE NON CABEMOS...S





CURSO 2005-06

2º de PRIMARIA

Aula de natureza de

CHELO


*Itinerario ambiental
 polo río Mandeo*



Píntega común



Lavandeira común



Libeliña: larva e adulto








Lontra


- Deposita nos contedores o lixo que produzas durante a túa visita. Sería importante que fixeras unha recollida selectiva e a depositaras nos contedores axeitados.
- A auga é fonte de vida, por iso debes manter limpas as fontes e cursos de auga. Nós mesmos ou outros seres vivos poderíamos precisala máis adiante.
- Ten coidado co lume. Un incendio causa graves prexuízos na natureza e mesmo podemos poñernos en perigo.
- Respecta as plantas e animais, xa que todos cumpren un importante papel na natureza.

CURSO 2005-06

2º de PRIMARIA



Gamiñar para coñecer, coñecer para conservar



Curso 2005-06


2º de Primaria

INFORMÁTICA





Refraños



- A mal tempo boa cara
- A muller e a sardiña, a mais pequeniña.
- Xente nova e lena verde todo é fume
- A quen madunga, Deus lle axuda.
- A sorte da fea, a quapa deseta.
- E n cada vila, a súa maravilla
- Ó que bebe viño, cheirallo o fuciño.
- Non deixes para maná, o que poidas facer hoxe.
- Por moito que a paz coste, nunca e cara.
- O veran de san Martiño, son tres días e un pouquiño.
- Poderoso cabaleiro é don diñeiro.
- Dime do que presumes e diñeiro.
- A cabalo regalado non lle mires o dente.
- Home narigudo, intencio agudo.
- Lúa con cerco, choiva e vento.



3º curso



Adiviñas



Adiviña quen son
cando vou verño
e cando verño vou
(asobentos 0)



¿Que animal vou
e non ten plumas?
(abornar 0)



Dúas pernas va á praia
e non se poden mirar
(copp 0)



A noite ten un ollo
un ollo de patata fina
ti serás moi tonto
se non o adiviñas
(sog 0)



Branca son, branca nascín,
pobres e ricos comen de min.
(por 0)



Alejandra 3º curso

GREGUERÍAS



- A árbore é un señor con sombrero de copa.
- O libro de Matemáticas é o que está máis triste porque ten moitos problemas.
- Os libros son moi listos porque o saben todo.
- As nubes son as billas do ceo.
- As rías son serpes chorando.
- A lúa é o faro dos tramoiteiros.
- O libro de Lingua fala moito porque ten moita lingua.
- O rabo do porco é un arame enroscado.
- O despertador é o terror dos dormilóns.
- O bolígrafo vermello sangra ao escribir.
- Os rañaces son as escaleiras do ceo.



3º curso





Saimos as 10:30 fomos co autobús a unha das praias de Veigue (San Pedro) alí nos estaba esperando unha bióloga que pertencía a empresa que fomos ir a ver: Porto Muíños. Ela levounos a unha zona onde había algas, explicounos que algas tiñamos que coller: leituga de mar, kombu, musgo de Irlanda, wakame, espagueti de mar...


Estubimos un rato collendos e despois fomos co autobús a fábrica que transforma as algas, alí ensinounos como as trataban. Unha vez recollidas limpanse e despois ven lavadas levanse a un secadeiro e se estenden ben para que o sol e o aire se encarguen de deixalas para trocealas, empacetalas e almacenalas en envases impermeables. Así se conservan durante anos sen alterarse as súas propiedades e sen necesitar cámaras frigoríficas. Logo xa nos fomos o colerío. ¡A xa se me olvidaba! alí deronnos unha bolsa con algas en lata e un libriño con información, foron moi amables.



ALGAS

A » algas se poden clasificar por grandes razas e polo seu habitat.

A » menos profundas teñen unha cor verde, as intermedias son marróns e as máis profundas vermellas. Pero tamén podemos clasificalas pola forma, sabor e uso na cociña. Poden utilizarse para



musgo de Irlanda

4º curso

ensaladas, flanes, mousses e outros, por exemplo a broméu utilizada para sopas e salsas, ralladas en verduras ou en arroz. Teñen unha gran cantidade de vitamina A, B1, B2 e C. A variedade máis coñecida é o wakame mori, dulce, H iribu, arame e espagueti de mar.




Usos...

Os usos das algas, son moi diversos: agrícolas industriais, terapéuticos e principalmente alimenticios.

A mellor época de recolección coincide co primavera e o verán cando os días teñen máis horas de luz. É moi importante recollelas en augas limpas lonxe das zonas industriais e urbanas.

Os menos podemos consumir algas, xa que comer frecuentemente algas é importante para a prevención dalgunhas enfermidades coma a obesidade ou a desnutrición.



DÍA DA PAZ

O luns 30 de xaneiro no colexio Sada e contornos celebrouse o Día da Paz. Saímos ao patio tódolos nenos e profesores ao patio e fixemos o símbolo da paz.

Os de 6º levaban ós nenos de 3 anos. Nós levabamos ós de 4 anos. Os de 4º levaban ós de 5 anos e os demais ían solos.

Os de 5º e 6º tivemos que cantar:

Para facer esta muralla

Unámolas mans de todos,

Unámolas mns de todos,

Os negros coas súas mans negras,

Os brancos coas súas mans brancas.

Tun, tun! Quen é?

A rosa e o caravel.

Abre a muralla.

Tun, tun! Quen é?

O sable do coronel.

Cerra a muralla.

Tun, tun! Quen é?

A pomba do Courel.

Abre a muralla.

Tun, tun! Quen é?

O alacrán e o cempés.

Cerra a muralla.

Tun, tun! Quen é?

O corazón dun amigo.

Abre a muralla.

Tun, tun! Quen é?

O veneno e o puñal.

Cerra a muralla.

Tun, tun! Quen é?

O mirto e o xenxibre.

Abre a muralla.

Tun, tun! Quen é?

O dente ruín dunha serpe

Cerra a muralla

Tun, tun! Quen é?

O roiseñor sobre a flor

ABRE A MURALLA.



Adrián (5º curso)

RECETA DE COCIÑA

Ingredients (for 4 people) 1 apple

1 orange


1 banana

1 pear

1 peach

1 lemon

sugar



1
cut the apple,
orange, banana,
pear and peach.

2
Put the fruit,
sugar and lemon juice
in a bowl.



3
Put the fruit salad
in small bowls.
Now you have fruit salad.



6º

EXCURSIÓN FIN DE PRIMARIA

O día 25 de Maio as nove da mañá chegou o microbús a recollernos e marchamos para A Toxa, nosa primeira parada.

Alí vimos un gran balneario. Había postos nos que vendían colares, chaveiros... estendidos por toda a illa.

Entramos nunha igrexa cuberta de cunchas por fora.

Fomos ó Parque de Castrelos onde estaba o Pazo-Museo Quiñones de León. Tiña bonitos xardíns. Aquí comemos bocadillos.

Despois disto fomos ó zoo de Vigo. É un zoo con máis de 50.000 metros cadrados. Había moitos animais: corvos, avestruces, tigres, leóns, lincex...

Tiñamos unha guía que explicaba calidades dos animais, onde naceron, etc.

Fomos o hotel e deixamos a mochila.

Fomos a cear a un lugar próximo e volvemos ó hotel a durmir.

O hotel Recamar dicían que estaba mal pero xa sabíamos que non ía ser luxoso. O que si era un hotel antigo. Polo menos é o que penso xa que os teléfonos, televisións o aparentaban.

O día 26 en Baiona fomos ver unha réplica da Carabela Pinta de Cristóbal Colon. Tamén visitamos o Parador que fora unha antiga fortaleza.

Subimos o Monte de Santa Tegra no autobús onde vimos a citania (antigo poboado Celta) e o museo.



Xantamos en A Guarda nun bo restaurante. Cerca había unha praia; por alí descansamos e mollámo-los pés.

Despois fomos a Tui. Alí había unha catedral que tiña un mirador no que se vía o Río Miño e a fronteira con Portugal.

Ó final, paramos en Pontevedra, pero non puidemos visitala porque non deu tempo e había xente cansada.

Viñemos esgotados pola calor.

Diego e Brais (6º curso)



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS AS MARIÑAS

Como cada ano desde estas páxinas queremos agradecer a colaboración e a participación en todo aquilo que esta Directivo puxo en marcha. Rematamos



un curso moi intenso e por ser o noso último ano ao fronte da Asociación de nais e pais o nos queda despedirnos cun ata sempre nos veremos no Colexio. Dar a benvinda á nova Directiva e que saiban que contan co noso apoio e colaboración.

Un saúdo e felices vacacións



TÁBOA REIVINDICATIVA DA A.N.P.A. DO C.E.I.P. "SADA E CONTORNOS"

-Acadar unha parcela, no casco urbano de Sada, que cumpra os requerimentos técnicos e legais, e que se poña a disposición da Xunta de Galicia. A Consellería de Educación, consignará a partida orzamentaria correspondente para a execución dun novo CEIP para Sada.

-As instalacións dese novo CEIP virán a substituír as actuais do noso colexio de "Sada e Contornos", tal e como estaba comprometido por tódalas autoridades municipais e autonómicas, así como nas promesas electorais de tódolos grupos con representación no noso concello.

-O Concello de Sada consignará un orzamento suplementario para resolver as carencias derivadas da falla de mantemento das instalacións do noso colexio.

-Convocatoria urxente do Consello Escolar Municipal, co compromiso de constituir un Servicio Municipal de Educación, que seña capaz de propor unha oferta integral de actividades complementarias para os centros educativos de Sada e financiamento e axuda as actividades complementarias con criterios de equidade per cápita inter-centros. Igualmente, iniciarán os traballos preliminares do Mapa Escolar Municipal, co obxectivo de iniciar as xestións que leven a paliar o déficit de

oferta de prazas en infantil e o peche da oferta educativa coa incorporación dos ciclos formativos .

Plan de choque sustentado nos orzamentos anuais do concello, respecto do mantemento dos centros educativos de Sada.

-As nais e pais de alumnos do CEIP "Sada e Contornos", temos claro o noso dereito a liberdade de elección de centro e non vamos permitir que con manobras, intrigas e mentiras se pretenda que, pola vía dos feitos, renunciemos a el. Queremos unha nova construción para o CEIP "Sada e Contornos", - tal e como estaba comprometida-, no casco urbano de Sada, cunha oferta de prazas superior á actual, (que hoxe non pode ser maior pola falta de espazo). Entendemos que as forzas políticas con representación no noso concello,

especialmente o grupo de goberno, principal responsable desta situación, contan con mecanismos legais suficientes para acadar esa parcela. Esos mecanismos legais, inclúen a expropiación para poder atender a urxencia e uso dotacional e educativo desa parcela.

-A mobilización que estamos levando adiante, pacífica e democrática que non ten como obxecto a defensa de ningún privilexio, senón dun dereito.

-Nós non queremos levar os nosos fillos fora de Sada, e menos fora do ámbito do municipio, incluso a outros concellos limítrofes como xa fan outros conveciños, outros sadenses, e menos a centros privados concertados. Defendemos a Escola Pública de calidade, por eso defendemos o noso Colexio.

Sada, 2.006



